

# EMHU

O EMHU 2024 reunirá na Coruña a Juan Dávila, Ana Morgade, Roberto Vilar, Eva Hache, Galder Varas, Goyo Jiménez, Carolina Iglesias, Leo Harlem, Henar Álvarez e Sílvia Abril

Os espectáculos *La capital del pecado 2.0*, *Mentes peligrosas*, *Esto no es un show*, *La ruina*, *Celebreixon*, *La nueva normalidad*, *Go Home* e *Tengo cosas para hacer* formarán parte dunha programación que coroarán as galas *Humoris Causa* e *Fantastic Colofon*

Sílvia Abril, Leo Harlem, Goyo Jiménez e Luis Piedrahita conformarán o elenco que participe en *Humoris Causa* o 4 de maio no Pazo da Ópera; mentres que Javier Veiga, David Cepo, Xosé A. Touriñán e As R(h)umorosas serán os responsables de clausurar o EMHU o 5 de maio con *Fantastic Colofon* no Teatro Colón

As entradas e abonos da cuarta edición do EMHU poderanse adquirir desde este venres 22, a partir das 11.00 horas, en [www.emhu.es](http://www.emhu.es) e na plataforma en liña [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com)

**ENCONTRO MUNDIAL DE HUMORISMO**  
DO 25 DE ABRIL AO 5 DE MAIO · A CORUÑA  
IV EDICIÓN

ÁLEX CLAVERO LA NUEVA NORMALIDAD  
DALIA GUTMANN TENGO COSAS PARA HACER  
DAVID AMOR & JOSITO PORTO GO HOME  
FANTASTIC COLOFON  
AS R(H)UMOROSAS DAVID CEPO  
JAVIER VEIGA XOSÉ A. TOURIÑÁN  
GALDER VARAS ESTO NO ES UN SHOW

HUMORIS CAUSA  
GOYO JIMÉNEZ LEO HARLEM  
LUIS PIEDRAHITA SÍLVIA ABRIL  
JUAN DÁVILA LA CAPITAL DEL PECADO 2.0  
LA RUINA  
MENTES PELIGROSAS  
ANA MORGADE CAROLINA IGLESIAS  
EVA HACHE HENAR ALVAREZ  
ROBERTO VILAR CELEBREIXON

emhu.es

A Coruña, 20 de decembro de 2023.- O Encontro Mundial de Humorismo avanza este mércores a programación troncal da súa agardada cuarta edición, que se celebrará na Coruña do 25 de abril ao 5 de maio de 2024. Álex Clavero, Ana Morgade, Carolina Iglesias, Dalia Gutmann, David Amor, David Cepo, Eva Hache, Galder Varas, Goyo Jiménez, Henar Álvarez, Ignasi Taltavull, Javier Veiga, Juan Dávila, Leo Harlem, Luis



Piedrahita, Roberto Vilar, Sílvia Abril, Tomàs Fuentes, Xosé A. Touriñán e As R(h)umorosas (Carmen Méndez, Leticia Sola e Marta Doviro) son os primeiros nomes que se dan a coñecer do cartel do EMHU 2024, **cuxas entradas sairán á venda este venres, 22 de decembro, a partir das 11.00 horas**, na páxina web oficial [www.ehmu.es](http://www.ehmu.es) e na plataforma en liña [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com).

O **EMHU**, a cita humorística máis relevante de España polo seu número de actividades e público (máis de 15.000 espectadores no 2023), está impulsado polas produtoras Etiqueta Negra e El Espectador, e conta co apoio de Estrella Galicia, Concello da Coruña e Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia. O Encontro Mundial de Humorismo reunirá no 2024, durante 11 xornadas, as figuras máis destacadas da comedia galega e estatal. Serán casi unha ducia de días nas que o humor e a improvisación provocarán o sorriso e o deleite do público da man dalgúns dos espectáculos máis seguidos do momento. É o caso de **La capital del pecado 2.0**, **Mentes peligrosas** ou **Esto no es un show**; mais tamén de producións propias como **Fantastic Colofon** e **Humoris Causa**, citas nas que o EMHU xunta en cada edición un elenco de grandes figuras que se atoparn, por primeira vez, nun mesmo escenario.

A programación troncal de espectáculos do Encontro Mundial de Humorismo 2024 arrancará o **venres 26 de abril no Coliseum da Coruña**, con **La capital del pecado 2.0**, de **Juan Dávila**, que regresa ao EMHU tras esgotar todas as entradas para a súa función da pasada edición en poucos minutos. O evento continuará o sábado 27 cun dos 'shows' máis relevantes do momento, que ten a súa orixe e inspiración no propio EMHU, e que se atopa de xira polos teatros españois: **Mentes peligrosas**. Así, **Ana Morgade**, **Carolina Iglesias** e **Eva Hache** visitarán o auditorio de Palexco nunha noite que contarán con **Henar Álvarez** como convidada especial. O domingo 28 será a quenda dun dos grandes cómicos da televisión galega: **Roberto Vilar** festexará 30 anos sobre as táboas en **Celebreixon**, que se poderá ver no Teatro Colón, unha das sedes habituais do EMHU.

O mércores 1 de maio volverá a programación de espectáculos de pago ao Colón con **Go Home**, a nova proposta escénica dirixida por **Tito Asorey** e interpretada por **David Amor** e **Josito Porto**; que dará paso no mesmo recinto, ao día seguinte (xoves 2), a un dos grandes nomes da última tempada: o humorista **Galder Varas** con **Esto no es un show**, cuxos vídeos suman milleiros de reproducións nas redes sociais. E xa na súa segunda fin de semana, o EMHU comezará o venres 3 en Afundación, co espectáculo **Tengo cosas para hacer**, da arxentina **Dalia Gutmann**, e o monólogo cómico **La nueva normalidad**, de **Álex Clavero**, no Colón. Precisamente no mesmo teatro da avenida da Mariña terá lugar, na mañá do sábado 4, unha das propostas máis queridas polo público do EMHU: a gravación de **La ruina**, con **Ignasi Taltavull** e **Tomàs Fuentes**, un show para escachar de risa no que os cómicos convidan aos espectadores a narrar "as súas ruínas" ou momentos mási vergoñentos. De noite, o Pazo da Ópera acollerá, como é habitual, a gala con maior traxectoria do evento: **Humoris Causa**, que nesta ocasión reunirá, por primeira vez sobre un escenario, a **Sílvia Abril**, **Leo Harlem**, **Goyo Jiménez** e **Luis Piedrahita**, director artístico do EMHU.

Finalmente, o EMHU botará o pano da súa cuarta edición o domingo 5 de maio, a partir das 20.00 horas, no Teatro Colón, coa gala final de clausura **Fantastic Colofon**, que nesta ocasión conducirán **Javier Veiga**, **Xosé A. Touriñán**, **As R(h)umorosas (Carmen Méndez, Leticia Sola e Marta Doviro)** e **David Cepo**. Será unha noite ateigada de gags, risas e momentos únicos para gardar na memoria. Durante o desenvolvemento da gala, ademais, entregaranse os Premios EMHU 2024.



## ENTRADAS E ABONOS

As entradas e abonos do EMHU 2024 sairán á venda este venres 22, a partir das 11.00 horas, na web oficial [www.emhu.es](http://www.emhu.es) e na plataforma en liña [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com). O público poderá adquirir, tal e como é habitual no EMHU, catro tipos de abonos:

- **Abono 'Bueno':** *Humoris Causa + Mentis peligrosas* (60€ + gastos de xestión)
- **Abono 'Bueno, bueno':** *La capital del pecado 2.0 + Mentis peligrosas + Celebreixon + Go Home* (78€ + gastos de xestión)
- **Abono 'Bueno, de lo bueno, lo mejor':** *Tengo cosas para hacer + La nueva normalidad + La ruina + Humoris Causa + Fantastic Colofon* (87€ + gastos de xestión)
- **Abono 'Bueno, de lo bueno lo mejor, de lo mejor, lo superior':** *La capital del pecado 2.0 + Mentis peligrosas + Celebreixon + Go Home + La nueva normalidad + Esto no es un show + Tengo cosas para hacer + Humoris Causa + La ruina + Fantastic Colofon* (162€ + gastos de xestión)

A programación do EMHU completárase con máis espectáculos e diferentes actividades paralelas, dirixidas a todos os públicos, que se darán a coñecer nas vindeiras semanas. Para máis información sobre horarios, artistas ou espectáculos, recoméndase visitar o espazo web oficial [www.emhu.es](http://www.emhu.es).

## AVANCE PROGRAMACIÓN EMHU 2024

26/04, Coliseum | *La capital del pecado 2.0*, de Juan Dávila.

27/04, Palexco | *Mentis peligrosas*. Con Ana Morgade, Carolina Iglesias, Eva Hache e Henar Álvarez.

28/04, Teatro Colón | *Celebreixon*, de Roberto Vilar.

01/05, Teatro Colón | *Go Home*. Con David Amor e Josito Porto.

02/05, Teatro Colón | *Esto no es un show*, de Galder Varas.

03/05, Afundación | *Tengo cosas para hacer*, de Dalia Gutmann.

03/05, Teatro Colón | *La nueva normalidad*, de Álex Clavero.

04/05, Teatro Colón | *La ruina*. Con Ignasi Taltavull e Tomàs Fuentes.

04/05, Pazo da Ópera | *Humoris Causa*. Con Goyo Jiménez, Leo Harlem, Luis Piedrahita e Silvia Abril.

05/05, Teatro Colón | *Fantastic Colofon*. Con As R(H)umorosas (Carmen Méndez, Leticia Sola e Marta Doviro), David Cepo, Javier Veiga e Xosé. A. Touriñán.

### Contacto de prensa EMHU 2024

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

Luisa Castiñeira - 620 113 155

[prensa@theofficeco.es](mailto:prensa@theofficeco.es)

Acceso á **sala de prensa** de EMHU 2024

Máis información: <https://emhu.es/>